


## :: REPORTAXE

A firma galega BioGea pon en marcha uns humedais artificiais que filtran a sucedade e serven auga limpa ás plantacións. A empresa confía en poder comercializar o proxecto nesta vendima que vén

# Galicia 'recicla' auga residual para a rega dos cultivos vitivinícolas



Humedais artificiais que permiten depurar a auga e serven para regar as plantacións de viñedos

SARA DÍAZ

BioGea é unha empresa que posúe contratos con Tecnomiz, a cal se encarga de identificar proxectos para empresas de toda Europa.

Grazas a este compendio, á axuda da Universidade da Coruña co plan de I+D do 2006 de augas residuais ce adegas do Plan Profit que achegou un orzamento duns 300 mil euros naceu unha idea para salvagardar o medio natural e axudar nas colleitas vitivinícolas.

O sistema consiste en crear "humedais artificiais como os que se observan na imaxe nunha lagoa que se enche de grava e planas filtradoras". Cando a auga pasa a través destas, que quedan cos residuos, a auga sae limpia". Así explica Ramón Bodenle, xerente de BioGea, este sistema de purificación de augas.

Hai que indicar que non se tra-



Viñedos das adegas Terras Gauda

### **Sistema novo en Galicia pero con bos referentes na Rioxá**

ta dun proxecto novo porque xa se fixeron diversos estudos sobre o aproveitamento de augas residuais urbanas e "xa hai un sistema similar na Rioxá", pero si é novo en Galicia.

O proxecto xorde pola propia demanda, pois como indica Boden-

lle "tanto A Mancha ou Ribeira do Douro están tendo problemas con Augas de Galicia con respecto aos residuos que expulsan as colleitas ó medio. Este sistema de filtrado é moito más barato que calquera outro".

É por iso que todo vai moi- to "máis rápido" do pensado e os membros de BioGea xa están cun programa piloto no Pazo de Señoras de Meis en Pontevedra. "O próximo luns hai previstas unhas probas coa construtora e, se todo vai ben temos pensado comercializar o proxecto nesta vendima que vén", pero non hai nada seguro porque "imos moi xustos de tempo", algo que, por outra parte non sería un problema porque se non está listo

no prazo previsto "aproveitaremos para seguir mellorando o sistema para a próxima vendima".

As cousas de palacio... e, como ben indica o refrán é máis complicado do que semella a simple vista, porque nun primeiro momento hai que pensar na "viabilidade do proxecto, nun grande investimento industrial e por suposto nas lagosas prototipo". O feito de que se crean lagosas artificiais débese a que non son utilizados humedais naturais senón creados, un dos motivos disto é que é difícil extrapolar os estudos dunhas áreas xeográficas a outras e os procesos depuradores que interveñen nos humedais naturais, así como os criterios de deseño e explotación como a capacida-

de de carga, o tempo de retención ou operacións básicas de mantenemento non son coñecidas suficientemente. E, isto último magnifica-se se extrapolamos a terreos do sur de España, por exemplo, como indica nun informe Agustín Lahora Cano, xefe de Centrais Residuais de

### **Proxeectando ideas 'benevolentes' co Medio Natural**

Augas do Levante Almeriense.

Pero os problemas van xurdindo ao longo do camiño e agora BioGea ten problemas con "algunhas adegas" que nun principio estaban moi interesadas e que agora non o están tanto". Ademais son momentos duros para as denominacións de orixe (D.O.) galegas. Recentemente nunha conferencia, o secretario da acción sindical da Unión Agrarias (UJA), Xosé Ramón González, alertou de que o funguicultor está ocasionando perdas dun 30%. Pero este non será o inconveniente para que esta empresa con proxectos de desenvolvemento "benevolentes" co medio natural continúe co seu traballo de investigación. De feito, nestes momentos están en proceso arredor dunhas dez proxectos deste tipo relacionados co mexillón, o viño desalcolizado ou o percebe.

As expectativas pintan ben e, nun principio, a comercialización comezará en Galicia; pero, a este ritmo, quen sabe? •

## CONTAMINACIÓN

■ O Estado esixulle que correse cos gastos:

### **O armador do 'Ostedijsk' terá que pagar a crise**

O Goberno central reclamou o custo total das operacións realizadas tras a crise do Ostedijsk armador do buque a través das súas compañías de seguros, que os custos iniciais foron asumidos polo Executivo estatal.

Así o manifestou o Goberno en resposta a unha pregunta parlamentaria do Grupo Popular, e na que indicou ademais que os gastos iniciais se cubrían cunha dotación dos Orzamentos Xerais do Estado destinados execución do Plan nacional de servizos especiais de salvamento de vida humana. O buque Ostedijsk cargado con 6.012 toneladas de fertilizantes agrícolas, chegou o 17 de febreiro ás costas galegas en situación de risco tras de compoñerse parte da carga que transporta nas súas adegas.

Ademais, en reposta a outra pregunta dos populares, o executivo nacional declarou que o gabinete de crise "non foi un órgano de toma de decisións" e non se redactaron actas". • EP.

## PESCA

■ Prohibíronse as capturas ata 2008

### **O BNG pide axudas por mor da veda da anchoa**

A deputada do BNG no Congreso Olalla Fernández Dávila preguntou ó Goberno central que dará axudas económicas buques galegos de pesca de anchoa no Golfo de Biscaia, ante a prohibición de capturar na zona a xullo de 2008. Ademais, informou sobre as razones do Comité Científico para apliar a veda de novo. • EP.